## Os Botes



Están formados por unha serie de embarcacións de ata 8 m. de eslora, caracterizadas por ter quilla e fondo redondo, podendo ser de proa e popa simétrica ou te-la popa cadrada, o que diferencia dous grandes grupos. Levaban aparello tanto para vela de relinga coma para vela latina segundo a zona, eran impulsados tamén a remo. O seu uso estaba fundamentado na pesca nas proximidades da costa ou como embarcación auxiliar, aínda sendo hoxe moi abundantes en todo o país.

Dentro dos botes hai pequenas diferencias locais que identifican tipos coma o bote de Ribadeo, o bote de Maniños, o bote xeiteiro, o bote de Carril e un dos máis característicos: o bote de Fisterra. Empréganse para traballar con nasas, palangre, redes de dimensións pequenas como betas e trasmallos e, sobre todo, para pescar con liñas.

ENCONTRO 2002
embarcacions tradicionais

